

Carlos Casares e a Xeración Nós

Olivia Rodríguez González

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O exame dos traballos que Casares dedica á Xeración Nós amosa a concepción que o escritor tiña deste grupo de intelectuais sobranceiros na cultura galega. Son ensaios, biografías e entradas de enciclopedia que se publican no último cuarto do século XX. Na base destes estudos advírtese o intento de incorporar os intelectuais de Galaxia ao ronsel da Xeración Nós. Pero tamén se percibe o prurito de narrador literario que conduce a Casares a investigar, no caso concreto de Risco, os enigmas que ve na súa personalidade e traxectoria intelectual. Desentrañar estes enigmas convértese nunha aventura literaria para un autor que non puido deixar de ligar conciencia xeracional, escritura literaria e experiencia humana.

Este traballo ocúpase dos escritos que Carlos Casares lle dedicou entre 1975 e 2001 á que el chama, como veremos, Xeración Nós. Son, en primeiro lugar, as biografías de Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco; e as entradas “Xeración Nós” e “Revista Nós” da *Gran Enciclopedia Gallega*. Complétanse con ensaios e artigos en GRIAL, La Voz de Galicia e a colección cultural d’*A Nosa Terra*. A isto engadiríanse outro tipo de traballos, nos que non vou entrar, como a organización do único congreso que por agora se lle dedicou a Vicente Risco (en Ourense, no outono de 1994), e as edicións dos autores de Nós na editorial Galaxia.

Carlos Casares, intelectual de Galaxia, licenciado en Filloxía Románica e profesor de literatura, é por riba escritor (eu diría por riba de todo). A súa condición de escritor está relacionada coa súa maneira de enfrontarse racionalmente ás cousas, que é, como se ten afirmado varias veces, fundamentalmente

narrativa. Hai quen se explica o mundo con abstraccións, e hai quen o fai cunha lóxica, case emocional, de tempos e circunstancias, presentación e resolución de enigmas. Esta segunda é a maneira de Casares. A maneira de alguén que foi narrador, mesmo sen necesidade de escribir, porque adoitaba contalo todo. Por iso abonda con ir detrás das súas historias para descubrir o proceso de achegamento á Xeración Nós, un fato de intelectuais que se entregaron por urxencia histórica á tarefa da construción política e cultural dunha nación.

A historia empeza cando el coñece a Vicente Risco no faladoiro do café Parque de Ourense, onde o introduce Arturo Lezcano (hai uns prolegómenos que non aparecen mencionados neste corpus de traballos: o adolescente Carlos Casares gaña con dezaseis anos un concurso literario cuxo tribunal estaba presidido por Vicente Risco, quen lle fai entrega do premio). Pero esta historia do faladoiro non a escribirá ata máis tarde. Casares pon en práctica a técnica do suspense narrativo: non rematará de contar todos os detalles ata 18 anos despois de publicar o que será o primeiro capítulo desta historia, “O meu Castelao primeiro”, en GRIAL, no primeiro trimestre de 1975. Neste artigo, a figura do vello, sabio e algo maniático que lle descobre a Carlos Casares a existencia de Castelao corresponde ao propio Vicente Risco, de xeito que este escrito inicial vén sendo xa unha reivindicación do intelectual ourensán, e a anécdota nel relatada, unha proba máis de que o silenciamento punitivo da ditadura fixo que a actividade e a personalidade de Castelao fosen descoñecidas para a maioría dos mozos galegos ata finais dos anos 50. Por outro lado, non é preciso explicarlles aos lectores qué significaba para o galeguismo o nome de Vicente Risco, despois da súa entrega ao réxime franquista. Casares narra, pois, un episodio autobiográfico que se inicia co encontro casual na Biblioteca Municipal de Ourense cun velliño con gabardina ata os pés, que andaba fochicando no arquivo mentres rosmaba polo baixo deixando na sala un zunido de rezo estraño. O rapaz Casares queda engaiolado cando nese vello recoñece o escritor Vicente Risco, cuxa foto ás veces acompañaba os seus artigos en *La Región*, e co que, meses despois, compartirá un lugar no parladoiro do café Parque. A continuación hai un salto temporal: Casares fala agora dos seus anos universitarios. O relato termina cunha escena semellante á que o iniciaba: a figura do velliño

rebuscando entre papeis no cuarto contiguo á sala onde esperan tres rapaces, un deles Carlos Casares:

Sentados nun butacón agardamos a volta de Risco que está na súa biblioteca remexendo entre os libros, buscando algo que no café nos anunciou como unha verdadeira sorpresa. Primeiro escóitasele dicir “Coño, coño”, e logo xa se oíen os seus pasos lentos achegándose. Nas maus trae un folleto do tamaño aproximado dunha carpeta ou cousa así. Entréganolo con coitadiño e poñémonos a mirar con curiosidade. El, de pé, observa cunha sorriso alegre nos ollos que axexan por tras dos cristales de cú de vaso das gafas. Na portada lese en letras negras tan graciosamente dibuxadas que hastra as comiñas son fermosas: “*Nós*”, *por Castelao*. Ninguén coñece aquel nome. [...] Non había tardar en descubrir que ademais de escritor e dibuxante eminente, era o símbolo das arelas morales dun pobo. (Casares 1975: 97, 98)

Pois ben, a través doutra elipse, o relato deixa no aire o que lle pasou coa figura de Risco cando el está na Universidade: daquela saberá da súa deserción do nacionalismo en plena guerra civil. A decepción que experimenta transfórtese en perplexidade ante un enigma, o enigma que xorde do contraste entre a información que lle vai chegando e a imaxe que o trato humano de Vicente Risco lle transmitiu persoalmente. Aquí nace a investigación de Carlos Casares sobre a Xeración Nós.

O concepto de Xeración Nós en Carlos Casares

Carlos Casares emprega esta etiqueta dunha maneira conscientemente oficial, é dicir, dándolle carta de natureza, ao encargarse das entradas “Nós. Xeración. Nós Revista” do tomo XXII da *Gran Enciclopedia Gallega* (calculo que a principios dos 80, pois empeza a publicarse en 1974). Ao facelo, está situándose nunha posición concreta fronte a unha cuestión periodolóxica da historia da literatura galega que aínda non está pechada de todo nin moito menos.

A orixe do termo *xeración* empregado para este conxunto de escritores atópase nun artigo que Ricardo Carballo Calero publica a finais de 1934 na

revista *Nós*, e que debemos situar no ronsel do ensaio de Vicente Risco, “Nós, os inadaptados”, de 1933, pois trátase tamén dun texto destinado a informar e prestixiar o traballo dos primeiros nacionalistas, anteriores ao Seminario de Estudos Galegos e anteriores aos mozos dos anos 30. Atópase tamén no ronsel do artigo risquiño, porque é unha especie de cariñosa emenda total ao seu autor. Considera Carballo Calero que o estudo desta xeración debe facelo a xeración posterior, coa que convive nese momento. Titula o artigo “A Xeneración de Risco” —ten como precedente a conferencia, pronunciada en Vigo, “Ideas encol da xeneración Risco”—. Fai uso do termo de Julius Petersen que Ortega y Gasset, como é sabido, pon en circulación en España (1920, *El tema de nuestro tiempo*; 1933, *En torno a Galileo*), e ao que xa Risco se referira para indicar que non lle gustara e que prefería falar de “dos homes do meu tempo” (Risco 1933: 115). O criterio que usa Carballo para determinar a adscrición a esta xeración vai máis aló da idade dos presuntos compoñentes, pois é máis importante que a súa obra “supoña unha superación metódica inmediata da obra dos precursores”. Estamos, afirma, diante da xeración do simbolismo, que tivo uns resultados desiguais, e cuxos integrantes non poden considerarse na súa totalidade nacionalistas. Entre eles destacan os que forman o Cenáculo ourensán, e cando Risco caracteriza a Xeración Nós está referíndose á mocidade dese cenáculo, pois o que di non lle acae a un marxista como Quintanilla ou a un paisano como Castelao. Por último, a nómina de artistas vela integrada por tres poetas: Ramón Cabanillas, Antonio Noriega Varela e Victoriano Taibo; un prosista extraordinario, Ramón Otero Pedrayo; e un artista xenial, Castelao. O filósofo é Vicente Risco. Esta xeración, termina dicindo, aínda non foi superada.

Do traballo de Carballo Calero procede tamén a institucionalización de dúas etiquetas máis, orixinadas en Risco: a *Segunda Renacencia* ou *Rexurdimento* para o período iniciado por eles, e o *Cenáculo ourensán*. A *Historia da literatura galega* que Francisco Fernández del Riego publica en Galaxia en 1951 fará de vehículo transmisor destes conceptos no capítulo “Presencia dunha nova xeración”, practicamente repetidos ao pé da letra, malia modificar, e isto é importante, a marca, que agora queda en “Nova xeración”. É dicir, cae o nome de Vicente Risco.

A guerra civil, coa deserción de Risco do nacionalismo, xa se produciu. Non pode o seu nome abandeirar un grupo, e moito menos unha xeración. É dicir, o

comportamento político de Risco vai determinar nun primeiro momento e durante bastante tempo a relectura do seu traballo entre 1917 e 1936, e por tanto, da historia da cultura galega anterior á guerra. Así, aparece o sintagma “Xeración de 1916” no discurso de ingreso na Real Academia Galega de Ramón Villar Ponte en 1951; o termo “Xeración” a secas no libriño de Francisco Fernández del Riego, tamén de 1951; e finalmente, a etiqueta “Grupo Nós” na *Historia da literatura galega contemporánea* que Carballo Calero publica en 1963. Dela farase eco ‘Salvador Lorenzana’ en 1965, con “A Xeración Nós na cultura galega”. O costume de usar o termo divulgado por José Ortega y Gasset prevalece en todas as historiografías literarias da contorna ibérica, e así o utilizarán Ramón Piñeiro en 1978, Xosé Luís Méndez Ferrín en 1984 (*De Pondal a Novoneyra*), e Carlos Casares na entrada da enciclopedia citada.

Casares ofrece a seguinte definición: “grupo de escritores que en 1920 fundaron la revista del mismo nombre, y que ellos mismos rigieron hasta 1936” (Casares 1974-2000: 219). Despois de comentar vagamente a aplicación do termo *xeración* a este grupo, conclúe en que “todo parece indicar” que a expresión ten un sentido restritivo, pois refírese ao núcleo dos fundadores da revista *Nós*. De aí a darlles especial relevancia aos ourensáns do Cenáculo, aos que se suma Castelaio, hai un pequeno paso. Velaí a afirmación de “que se refiere únicamente al grupo más destacado de la generación, y dentro de éste a quienes formaron parte del cenáculo orensano de Vicente Risco”. Despois de revisar os trazos máis característicos da *xeración* así interpretada, termina valorando a súa importancia histórica: “creación y definición conceptual del nacionalismo gallego, incorporación de la cultura gallega a las corrientes universales, formación de distintas escuelas científicas (etnográfica, geográfica e histórica), y creación de la prosa gallega moderna” (Casares 1974-2000: 221).

As máis recentes historias da literatura galega ofrecen lecturas distintas. Xulgo que a solución *Época Nós*, que propón Tarrío na súa *Historia crítica da literatura galega* de 1994 —xa anticipada nun traballo de 1984 e posta en práctica polos autores do tomo XXXII do “Proxecto Hércules”, coordinado polo autor da proposta— é a máis coherente, porque pode resolver o tratamento do período para o seu estudo dunha maneira máis frutífera. O termo *época*, relacionado con *período* e con *xeración* —na historiografía literaria hispanoamericana, por exemplo—, re-

solve a inexacta, ao meu xuízo, identificación entre a xeración e a mocidade dos compoñente ourensáns do cenáculo, o cal deixaba fóra ou nunha situación vaga moitos dos que participaron no traballo colectivo simbolizado pola revista. E promove o estudo desde un enfoque conxunto, e por veces comparado, de importantes intelectuais e escritores, como Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Leandro Carré, Rafael Dieste, etc.

A teima do 98

Carballo Calero é quen leva a cabo a primeira comparación entre a Xeración de Risco e a Xeración de 1898:

Por moi nacionalistas que sexamos, a realidade da nosa integración en España rexe moitos dos nosos avatares, e a vida hespañola ten que ser termo de comparanza para bó feixe de aspectos da nosa vida: [...] Eisí, resulta cómodo e natural estabrecer até donde sexa posible un paralelismo antre o decorrer da cultura hespañola e o decorrer da nosa propia cultura. [...] “Unha xeneración tan interesante como a xeneración de Risco, ten para nós unha significación semellante á ostentada pol-a chamada xeneración do 98 na cultura castelá. (Carballo 1934: 182)

A comparación será repetida por Carlos Casares na biografía de Risco, a partir dun conxunto de artigos do polígrafo ourensán en *El Miño* e dunha idea sobre o 98 que vai estar presente nos traballos de Casares, ata o seu desenvolvemento definitivo en “O desastre de 1898 e os escritores galegos”, artigo do ano da conmemoración de tal evento histórico.

A partir deste paralelismo, eu procurei indicar en 2001¹ as diferenzas radicais, ao enfrontarse Risco cos temas noventaioitistas, entre el e os do 98. É máis oportuno establecer ese paralelismo con respecto a un período anterior, cando

1 *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco* (2001). Galaxia: Vigo: 41-44.

os rexionalistas propoñen unha alternativa á crise do modelo de Estado español, que finalmente se colapsará en 1898. Ao meu entender, a Xeración Nós vén determinada polo feito histórico da Primeira Guerra e, como ben explica Cuevillas, polo perigo de que se estenda a revolución Rusa por toda Europa. A pertinencia de seguir a establecer este paralelismo aínda agora quizais veña xustificada polo novo enfoque periodolóxico que está a entrar nas literaturas castelá, catalá e galega, consistente na aplicación do termo *Modernismo*, máis achegado ao modernismo europeo e norteamericano e cun sentido máis amplo ca o aplicado tradicionalmente desde que o fixaron os cataláns na súa oposición *Modernisme/Noucentisme*. Os dous grupos de escritores entrarían, xa que logo, no mesmo treito temporal literario. De aí que na actualidade a comparanza da Xeración Nós coa Xeración do 98 —ben entendido que teñen similitudes, pois as dúas optan por nacionalismos opostos entre si—, sexa rescatada, por poñer un exemplo, por Craig Patterson nos seus estudos sobre Ramón Otero Pedrayo².

Sexa como for, o tema do paralelismo das dúas xeracións é constante en Carlos Casares. Mesmo no traballo devandito, “O desastre de 1898 e os escritores galegos”, que empeza citando a Curros Enríquez e segue con Eduardo Pondal e outros autores menores —sen acordarse de Luís Otero Pimentel, que lle dedicou á independencia de Cuba a novela *A campaña da Caprecórneca* (1899)—, termina establecendo unha conexión estreita coa Xeración Nós. Nese intre, e como corolario aos seus estudos sobre o tema, Casares declara que os homes da xeración das Irmandades son “fillos ou herdeiros do 98, os chamados a por os alicerces para a edificación da Galicia Moderna” (Casares 1998a: 22). E argumenta deste xeito: As dúas consecuencias do desastre foron o rexeneracionismo expresado no asociacionismo agrario, e:

2 Patterson, Craig (2004). “Da lámpada severa á escuridade mollada. O diálogo diferencialista entre Nós e o 98”. *Anuario Grial de Estudos Galegos*: 66-85.

En segundo lugar, o escepticismo dos mozos diante da política e a retórica partidista, que os leva a canalizar a súa rebeldía xuvenil cara á literatura e á arte. [...]

Desas dúas direccións naceu respectivamente o nacionalismo das Irmandades e o europeísmo cultural da Xeración “Nós”. Ambos os dous son froito da toma de conciencia do desengano orixinado no Desastre. (Casares 1998a: 23)

Pecha o traballo coa mención dun recordo da nenez de Otero Pedrayo sobre a derrota da frota española, e o conto autobiográfico de Castelao, “O inglés” (*Retrincos*). Casares quere desvelar así a clave da indiferenza política previa á conversión dos mozos de Ourense.

Estudos sobre Ramón Otero Pedrayo

Carlos Casares entra en contacto con Ramón Otero Pedrayo nos seus anos de Universidade, cando o mestre exerce como catedrático de Xeografía na USC e acode cos vellos e mozos galeguistas aos mesmos parladoiros. Recibe del as novas sobre a enfermidade que levará a Risco á fosa e percibe con ollada de escritor o estado depresivo que a inminente morte de Risco causa en Otero. Carlos Casares coñece profundamente a obra de Otero Pedrayo, á que nese momento se accede con maior facilidade que á de Risco. Co gallo da morte do prócer galego en 1976, Casares compón a súa biografía para a colección “Conciencia de Galicia” de Galaxia —onde xa escribira a vida doutro ourensán, Manuel Curros Enríquez—. O libro, malia estar redactado en 1977, non se editará ata 1981. Como anticipo, aparece en GRIAL en 1976 o artigo “Otero Pedrayo e o cenáculo ourensán”.

Este primeiro traballo de aproximación á Xeración Nós insiste en poñer en claro as diferenzas entre Otero Pedrayo e Vicente Risco, membros os dous do Cenáculo de Ourense, e participantes do mesmo “sistema de coincidencias” á luz de “Nós, os inadaptados”, esa especie de manifesto a posteriori que Risco publica na revista *Nós* en 1933, e ao que nos referíamos máis arriba. Casares quéixase da falta de revisión pola crítica dese texto que o propio Risco

matizaría, di, cando se edita *Leria* en 1963³. “Nós, os inadaptados” abrangue, segue sostendo, sobre todo a Risco, pero non a todos: Primitivo Rodríguez Sanjurjo seguiu unha traxectoria non nacionalista, e entre os nacionalistas, Florentino Cuevillas abandonou a etapa de esteticismo literario. Ao seu xuízo, o que menos se ve afectado por esta análise xeracional é Otero Pedrayo, malia aceptar o propio don Ramón a idea risquiana de que a súa novela *Arredor de si* (1930) é tamén unha autobiografía xeracional. O que vén sendo este libro, matiza Casares, é a autobiografía dun home dese grupo, que coincide co propio Otero. Continúa establecendo unha distinción, que eu non volvín ler en traballos posteriores de Casares, e coa que, persoalmente, non estou de acordo. Os dous, di, participan na sensibilidade post-simbolista que entra a través dos modernistas cataláns e, posteriormente, a través do americano Rubén Darío. Esa sensibilidade ten unha cerna romántica: pero en Otero o romanticismo é un medio espiritual, e para Risco só é obxecto de estudo. Termina o artigo con esta idea, insistindo en separar a Otero de Risco:

En todo caso, o carácter lúdico e accidental [gralla no orixinal: occidental] que tivo para Risco a etapa anterior á súa incorporación ás “Irmandades”, foi en Otero crisis dolorosa e íntima que madureceu no logro da súa entrega definitiva ao servizo da súa cultura e do seu pobo. (Casares 1976: 191)

Coido que Casares aínda non tiña a imaxe nítida de Vicente Risco que estaba a procurar: terminará de atopala cando lea os traballos de *Mi Tierra* e, sobre todo, os numerosos artigos que como “Rujú Sahib”, “Polichinela” ou co propio nome firmará Risco en *El Miño*⁴.

3 Seica descoñece nese momento que hai unha “Engádega” de 1935, publicada en Porto, onde Risco xa pide desculpas e admite como seu o que apoñía ao colectivo: “Pra autocrítica dunha xeneración”, *Seara Nova*, Lisboa, 1935 (Reproducido en F. Fernández del Riego (1981). *Vicente Risco. Escolma de textos*. A Coruña: RAG: 53-56).

4 Andaba Carlos Casares nos seus últimos anos coa idea de facer unha edición facsimilar desta publicación, da que só se sabe que exista unha colección, propiedade da familia Pé-

Deteñámonos agora na biografía de Ramón Otero Pedrayo publicada en 1981, cun limiar de Marino Dónega en forma de epístola datada en 1980, onde este recorda que coñeceu a Otero Pedrayo no acto de inauguración en 1934 do monumento a Curros Enríquez na Coruña, obra do escultor Asorey. O prologuista aplaude a obxectividade de Casares ao encarar unha figura pola que sente inclinación e simpatía, así como o feito de que intente explicar o romanticismo atípico e serodio de Otero Pedrayo, e trate de reducir as súas contradicións, que Dónega apón á condición de todo ser humano, “Porque a realidade é sempre contradictoria” (Dónega 1981: 16).

En canto ao método biográfico utilizado, trátase dun percorrido documentado pola vida do autor, onde se inclúe a valoración crítica da súa obra, e faise un notable esforzo por aclarar o contexto cultural galego no que se desenvolveu. Pretende ser unha biografía divulgativa, pero de alto nivel: a non exhaustividade das fontes e o carácter literario que lle dá un toque de biografía novelada fan que non se poida catalogar como de investigación científica —o que Galaxia pretendía, por suposto—. A pescuda apóiase en documentos autobiográficos de Otero Pedrayo: *A historia dun neno* (1979), *O espello no serán* (1966), o artigo dedicado á morte de Florentino L. Cuevillas, textos inéditos que se atopan no arquivo da Fundación Penzol, como a folla “Meu pai”, algunhas cartas, e o manuscrito de *Memorias do meu vivir*, do que se editou unha parte no número 52 de GRIAL. Utiliza, finalmente, fontes alógrafas, como *Unha ducia de galegos* (1976) de Víctor F. Freixanes. O percorrido iníciase coas orixes familiares, xa que Casares parte de que a interpretación da cultura galega e a cerna das narracións de Otero veñen determinados, entre outros factores, pola procedencia familiar da vella fidalguía do país. Segue a infancia e a adolescencia marcada pola morte do pai, os estudos en Santiago, e sobre todo Madrid, e a volta a Ourense. Alí atopa o mozo Otero os que serán compañeiros do Cenáculo, compartindo con eles o modernismo e o escepticismo político.

rez Colemán, que a puxo nas súas mans. Espero que non se perda a chamada e o proxecto se retome, por exemplo, desde o “Centro de Investigación Ramón Piñeiro”.

Entre os mestres e colaboradores figura Julio López Cuevillas, tío de Florentino, que pouco antes de morrer empezou a dar mostras de interese cara a unha literatura en galego que ata daquela sometera a unha “crítica escéptica”. Apunta aquí Casares un dos posibles motivos da actitude inicial de Otero e do resto do Cenáculo con respecto á literatura galega (Casares 1981a: 55).

Ingresa Otero Pedrayo no galeguismo polo influxo e a mediación de Antón Losada Diéguez, e pouco despois acompaña Risco. Casares apunta, como motor do rebrote do antigo rexionalismo, as consecuencias da crise do 98 e o desexo de ofrecer unha alternativa ao fracasado Estado español centralista; así como o cambio do mapa político das nacionalidades en Europa a raíz da I Guerra Mundial. Esta última idea vai apoiala Casares, máis ca no artigo de Florentino L. Cuevillas de 1920, *Dos nosos tempos*, no discurso de ingreso na Real Academia Galega en 1951 de Ramón Villar Ponte, que manexa cando aínda está inédito⁵. Otero e os compañeiros do Cenáculo incorpóranse tarde ás Irmandades (case un ano e medio despois da súa creación en 1916) por dúas razóns: en primeiro lugar, carecían de inquiredanzas políticas porque o contexto da política española non as espertaba, sumida como estaba na artificialidade das quendas de partidos da Restauración tras o 98. O segundo motivo atópao por unha pista que só sabe captar un novelista, non un investigador: que o mensaxeiro que leva a boa nova a Ourense, buscando subscricións para relanzar *O Tío Marcos da Portela* como voceiro das Irmandades ourensás, é un estraño individuo, “un escuro viaxante de comercio, Higinio Ameixeiras” (en publicacións posteriores, Casares dará máis noticias sobre este divulgador do esperanto, coñecido como “Hispanujo”), que lles queda moi lonxe aos mozos modernistas, embarcados daquela no proxecto de *La Centuria*. Igual que trata de explicar por que non se dedicaron á política antes, tamén vai xustificar o en aparencia súbito cambio de opinión. A clave está repetida por Otero Pedrayo

5 O discurso publicouse en 1977. Casares firma en Halmstad (Suecia) a biografía de Ramón Otero Pedrayo o verán dese mesmo ano.

nas conversas con Freixanes: foron decisivos o entusiasmo e a capacidade de persuasión de Antón Losada Diéguez.

Otero non acode ás dúas primeiras asembleas das Irmandades, e nin sequera chega a votar nas eleccións de 1918, ás que se presentan A. Losada Diéguez e L. Porteiro Garea. Casares trata de explicalo polo máis fácil: está preparando, supón, as cátedras de instituto, que obtén con prazas consecutivas en Burgos e Santander. Si que acode á terceira en Vigo, en 1921, porque xa está instalado en Ourense, onde vivirá o resto da súa vida.

Non se prodiga Otero Pedrayo como colaborador das revistas do grupo: en *La Centuria* firma dúas colaboracións, e, segundo o director de *Nós*, había que arrincarlle un a un os traballos para a revista, onde finalmente publicaría oitenta e sete. A Freixanes contoulle que, de novo, foi Losada Diéguez quen o animou a escribir. Estréase en *A Nosa Terra* cun artigo do 13 de xaneiro de 1918, onde insta a seguir a chamada da terra aos mozos que por “elegancia moral” están apartados da vida pública. É dicir, trata de facer o mesmo chamamento que a eles lles fixo Losada.

Fala Casares da revista *Nós* en relación con Otero, baseándose no que escribe Xerardo Álvarez Gallego para saudar a edición facsimilar de 1979. Non ten a man o artigo “A revista *Nós*” (1927)⁶, da serie “Renacencia Galega” que Risco publicou en *Céltiga*, onde conta a historia da creación da revista. Resulta curiosa a lectura cotexada dos dous relatos con distinta perspectiva. O que escribe Risco bota luz sobre a responsabilidade colectiva da posta en marcha da revista: foi, como se sabe, na terraza do café pontevedrés Méndez Núñez, unha tarde do mes de San Xoán. Estaban Cabanillas, Castelao, Losada Diéguez e Risco, e finalmente acabaría nas mans de Vicente Risco e Arturo Noguerol o traballo de poñela en marcha. Castelao foi o padriño, pois propuxo o nome do seu Álbum para bautizala.

Pois ben, Otero tarda en revelarse como escritor, pero cando o fai —saudado no artigo que acabamos de citar por Risco, que di nese ano de 1927 “Ti-

6 Vicente Risco, “A revista *Nós*”. *Céltiga* 62 (25-VII-1927)a.

ñamos agora [...] a Otero Pedrayo en chea aitividade” —, non vai haber quen o pare. Ata o punto de que axiña se converterá no narrador máis prolífico da Xeración. A panca definitiva é o premio que *Pantelas, home libre* acada en 1924 na Festa da Lingua Galega promovida polo Seminario de Estudos Galegos, onde el dirixe, como se sabe, a sección de xeografía.

Casares dedica catro capítulos centrais a analizar a súa obra literaria, caracterizada pola fecundidade, os valores estritamente literarios e a novidade da súa narrativa. Ocúpase especialmente das novelas. Todas, excepto *Fra Venero*, teñen como tema Galicia, aínda que anula o carácter de excepción deste libro, poñendo en relación case de igualdade as nocións de Galicia e de Europa para este autor: “Seguro que sin *Fra Venero* quedaría incompleto este escritor que preconizou e destacou para sempre a vocación europea de Galicia” (Casares 1981: 126).

Otero Pedrayo escolle como tema narrativo a Galicia contemporánea e, en concreto, o momento do paso do Antigo Réxime á sociedade burguesa liberal, dividida en fidalgos, cregos e campesiños. Vese engaiolado pola beleza da fidalguía decadente, pola que sente unha atracción que xustifica Casares, como anticipamos, por razóns familiares e culturais. Alude á contradición entre o liberalismo de Otero —verdade é que romántico e conservador— e a súa expresión literaria dunha Galicia ideal, agraria e estamental. Xa o apuntaba en 1958 Rodrigues Lapa, e procuraba solución na lectura da propia obra oteriana, onde se produce unha comunión entre clase fidalga e campesiña. Casares engade outro dato: a consideración que fai Otero da misión que na historia tivo esa fidalguía, agora decadente, e que nunca cumpriu: actuar como clase dirixente e transformar unha Galicia feudal. Deixou a misión nada menos que nas mans dos tendeiros⁷.

Por outra banda, Casares non oculta a súa preferencia polas novelas realistas, onde o alento de Otero Pedrayo se mantén mellor. As claves da narrativa

7 Non podo deixar de apuntar que esta é a tese d’*O porco de pé e*, sobre todo, d’*A coutada*, de Vicente Risco, que non son neste libro mencionados ao fío destas apreciacións.

oteriana son, ao seu xuízo, a extraordinaria capacidade de evocación, estimada por algúns como a máis alta calidade do escritor; a representación da paisaxe, que conta con vida propia e vai marcando a vida do ser humano; e o deseño de grandes caracteres —cando non se malogran os personaxes pola excesiva carga doutrinal, é dicir, pola “presencia excesiva do seu compromiso político, que lle dictou con maior frecuencia da desexada páxinas doutriniais nas que o xenio do narrador se ve sensiblemente diminuído” (Casares 1981 a: 91).

Casares propón clasificar as novelas e contos de Otero Pedrayo como “realistas” e “culturalistas”. Na epígrafe correspondente ás primeiras analiza *Os camiños da vida* (que cualifica de “poema épico frustrado”), *O mesón dos ermos* (novela curta, e a máis lograda) e tamén, como unha licenza que se permite (pero que, ao meu parecer, dilúe a autonomía e o gran valor da contística oteriana), o libro *Contos do camiño e da rúa*, onde fai o que Carballo chamou a “épica de tema fidalgo”. É evidente que Carlos Casares goza coa crítica literaria nesta biografía oteriana —onde, por outra parte, son poucos os enigmas que resolver—. E gústalle a escolla baseada en xuízos de valor ben argumentados: Quixo Otero, insuflándolle á novela *Os camiños da vida* o grande alento narrativo de que era capaz, “crear a epopea da Galiza contemporánea”, pero impedíronllo fallos de estrutura que o levan a caer na novela cultural. Iso é o que o condena a non acadar a categoría de novelista xenial.

Está clara, pois, a preferencia de Casares polo primeiro tipo de novelas e contos, e a carga pexorativa que lle dá á etiqueta “novela culturalista”. Neste grupo atópanse *Arredor de si* (a propósito desta novela repite as ideas de que se trata dun autorretrato individual, máis que xeracional; e de que Risco viviu a “conversión” ao nacionalismo dunha maneira máis superficial). Relato sen acción, escrito como “diario espiritual”, ten características de ensaio. Malia as consideracións anteriores, Casares recorda que foi a novela preferida por Otero Pedrayo e que é a mellor composta e realizada. Entran tamén *Devalar*, de carácter pictórico, mesmo polo feito de estar inspirada nun cadro de Castelao; e a novela histórica *A romeiría de Xelmírez*: “Toda a novela está traspasada pola idea dunha Galicia europea, intimamente ligada á cultura do seu tempo” (Casares 1981a: 121).

Casares dedícalle un capítulo ao resto da obra de Otero, como ensaísta e como orador, e de pasada, aínda que eloxiosamente, como autor teatral. Xulga inferior o ensaio á novela oteriana, para el moitísima mellor canle de expresión por tratarse dun xénero aberto. No ensaio, cuxas calidades como xénero para Casares son claridade, precisión conceptual, capacidade analítica e sinxeleza expositiva, Otero non acada os cumes da narrativa, ao practicar un metaforismo desbordante. Apoiándose no estudo de Francisco Río Barja, conclúe: “A aportación xeográfica de Otero está especialmente nas grandes descripcións da paisaxe galega e na interpretación xeográfica de Galicia” (1981a: 130).

Se a obra como xeógrafo é xenial, como intérprete da cultura galega non foi superado na síntese que realiza en *Ensayo histórico da cultura galega*. En canto á oratoria, Casares analiza, como persoa que o coñeceu, os grandes dotes de Otero Pedrayo, apoiándose en afirmacións de Ramón Piñeiro nun traballo de 1958. Era Otero incapaz, en cambio, para o diálogo, tanto en privado como publicamente. Non sabía intercambiar opinións, a pesar de que escoitaba, porque o seu falar seguía unha mesma liña, que só dependía del.

Finalmente, cando no apartado “Significación do escritor” trata de dar un xuízo contextualizado, entra de novo na consideración global da Xeración Nós, coa dignificación do galego, a sólida formación europea e a creación da prosa moderna como principais logros⁸.

Estudos sobre Vicente Risco

A biografía dedicada a Vicente Risco foi redactada finalmente cando se achegaba o Día das Letras Galegas que a RAG lle dedicaba en 1981 ao tamén po-

8 Así termina esta biografía, da que podó apuntar unha contestación ou continuación nesta xeira de diálogo cultural que inician os libros dedicados a un autor. Trátase da clasificación das novelas, que Anxo Tarrío rexeitará en 1989 para dar unha interpretación da obra narrativa de Otero á luz das vangardas técnicas do século XX e da influencia de H. Bergson: “Otero Pedrayo e a renovación da novela no século XX”. *Revista de Filología Románica* 6: 119-143.

lígrafo ourensán. Casares pensou que era o momento oportuno de pechar o groso da investigación sobre os enigmas deste autor, que estivo tan preto de Ramón Otero Pedrayo, malia ter intentado Casares marcar as diferenzas co intelectual que foi considerado desde a posguerra símbolo de Galicia. Esta vez non conta ou non quere contar cun prologuista, e escribe el mesmo a introdución. Casares anuncia o libro como a primeira biografía que se fai de Risco, unha das figuras, di, máis fascinantes da historia cultural galega. É para el unha tarefa atractiva e á vez complicada. Vai tratar de ser obxectivo (xa o foi no caso de Otero) e para iso irá apoiándose en citas do autor, e cando estas falten —porque hai unha carencia notable de documentos— tratará de reconstruír o resto co mesmo coidado.

En efecto, a tarefa non é doada, pois se en Otero había paradoxos e contradicións, en Risco hai verdadeiras voltas e reviravoltas. Casares amósase escrupuloso: non quere ocultar o cariño que sentiu e sente por el, e di que vai utilizar un ton comprensivo, aínda que nunca exculpatorio. Di, finalmente: “Aceptemos, pois, que esta biografía é unha visión personal sobre Vicente Risco” (Casares 1981b: 10), pero engade que está convencido de que se debe de parecer bastante a como foi en realidade. É unha biografía necesaria e vai utilizar documentos sorprendentes.

O labor de chamada de atención e *captatio benevolentiae* xa está feita neste prólogo asinado en Rodeira (Cangas) en marzo de 1981. Agora entra o labor de detective. Cando se decide celebrar o Día das Letras, o estado dos estudos sobre Risco é verdadeiramente lamentable: non se escribira nada importante desde o libro de Ramón Lugrís, *Vicente Risco no nacionalismo galego*, de 1963, una análise da tarefa nacionalista do autor, que deixa sen tocar a fase do Cenáculo e toda a posguerra, e que contén un duro prólogo de Ramón Piñeiro, provocador daquela dunha sonada polémica en *Faro de Vigo* entre José Luis Varela e Francisco Fernández del Riego.

Casares aplica un método biográfico parecido, e tan só parecido, ao empregado con Otero Pedrayo: parte das orixes, por certo non todas galegas en Risco (como en Cuevillas), percorre unha infancia para a que só existen os datos fornecidos en *Historia dun neno* outra vez por Otero Pedrayo, que foi o seu veciño, e nas necrolóxicas por el dedicadas a Florentino Cuevillas e Vicente Risco, así

como nas entrevistas concedidas a Maribel Outeriño e a Freixanes para *Unha ducia de galegos*. É dicir, parte dunha óptica basicamente oteriana. Casares algo engade, como a conversa que Risco tivo con Curros Enríquez e na que este lle fala da viaxe a Londres —viaxe misteriosa, aínda non comprobada— e que lle chegou a través do biógrafo de Curros, Manuel Vilanova. Pero sobre todo ofrece textos inéditos, como os artigos de *El Miño*, que puido por fin consultar con máis atención. Non deixa, así e todo, de dar unha imaxe dun Risco en exceso snob, sen apreciar que eses textos galantes de crónica social serían logo parodiados na súa obra literaria, revelando o que de xogo había neles xa na súa xestación.

Pero Casares descobre, por outra banda, o Risco dos artigos, estilo glosas dorsianas, que el vai practicar tamén: “O Risco máis xenuino, o home de ideas desconcertantes e orixinais, o intelectual brillante e lúdico que era, aparece nelles quizáis máis verdadeiro e fiel a si mesmo que en ningún dos demais xéneros por el cultivados” (Casares 1981b: 25).

Casares persegue a figura de Risco, que vai cobrando cada vez maior nervio e vida. Mesmo atopa nos seus traballos anticipacións do que virá despois: como o que chama un “galeguismo incipiente” nos artigos de *Mi Tierra* dedicados á literatura galega en 1911; ou na conferencia sobre Rabindranah Tagore no Ateneo de Madrid en 1913, onde fala Risco da oposición entre cultura imposta e carácter nacional.

De *Tinieblas de Occidente* só se teñen noticias pola correspondencia con Manuel Antonio, en novembro de 1919. Eu mesma atoparía outra noticia sobre *Tinieblas de Occidente* como libro acabado, achegada por Eugenio Montes no número de maio de 1919 da revista de vangarda *Grecia*. Pero o bombazo foi a descuberta dos manuscritos que en 1990 foron publicados en edición de Manuel Outeriño. Casares, cando reedita a biografía de Risco en *Para ler a Vicente Risco*, apunta o dato e pouco engade sobre o xa escrito (correccións de sentido común, pero nada máis).

Cando chega ao relato da incorporación ás Irmandades, Casares repite máis ou menos o contexto no que se viu Otero. Engade algunha información máis, por exemplo, sobre ese Hixinio Ameixeiras introdutor das Irmandades en Ourense, que “identificaba Galicia cun costumismo superficial e bastante toscos”, ese Hispanujo sobre o que agora sabe que Risco escribiu un artigo en

La Región o 19 de xullo de 1952. Máis engadidos: en *La Centuria* volve revisar os comentarios negativos sobre a literatura en galego, e agora atribúelle a anónima recensión do libro do Marqués de Figueroa ao propio Risco. É a segunda vez, xulga, que ante o momento de decadencia que vive a literatura galega Risco confunde o circunstancial co esencial e definitivo. Repite que en *La Centuria* estarán xuntos os homes que fundarán *Nós*. Con máis datos tamén sobre Losada Diéguez e a súa ideoloxía, sitúa a “conversión” risquiana no mesmo contexto cá oteriana. Valora o que en 1917 podía achegar Risco, á parte do seu prestixio, á causa nacionalista: “Posúe unha ampla e rara cultura, a súa aguda intelixencia descubre sempre aspectos orixinais no estudo dos problemas, ademais é ambicioso e non carece dunha certa audacia intelectual” (Casares 1981b: 52).

Tras a primeira experiencia electoral, de puro fracaso, analiza os artigos que Risco publica n’*A Nosa Terra* sobre un nacionalismo que el chama “novecentista” (nun sentido diferente ao de Eugeni d’Ors, advirte). Isto significa para Casares unha proba da continuidade do seu pensamento anterior, que traspasa integramente ao galeguismo. Se renuncia a algo, é ao seu apoliticismo. Segue a súa intensa actividade, sobre todo cando se converte en líder, ao seu xuízo, sen calidades para exercer de tal, e tan só apoiado na súa intelixencia, audacia e prestixio: “premoso ao falar, carece de dotes oratorias, de escasa estatura e miúdo de corpo, non se pode impoñer pola súa presenza; o carácter débil e impreciso tampouco o axuda demasiado” (Casares 1981b: 57).

Practica un radicalismo que Casares cualifica como máis espiritual e ideolóxico que político, e adianta desde *A Nosa Terra* a súa repetida máxima: “Ser diferente é ser existente”. Na Asemblea de 1919 logra introducir a “Teleoloxía do Nacionalismo Galego”: “o triunfo da nosa propia cultura, crearen unha civilización atlántica para beneficio da Humanidade” (Casares 1981b: 59).

Despois de analizar os problemas de disensión coa Irmandade da Coruña, á que lle logra impoñer a súa postura, chega o parón da ditadura de Primo de Rivera. É entón cando cambia de parecer e valora a oportunidade de que o nacionalismo se lance ao xogo político cando este se restableza. Casares coída que *El problema político de Galicia* de 1930 é un dos textos máis asisados de doutrina política de Risco, sen interferencias culturais e espiritualistas. Pero

chega a experiencia da viaxe a Alemaña e Centroeuropa, e Risco volve cambiado. Casares non sabe en que momento se fai católico Risco, abandonando as veleidades teosóficas, e achega algúns datos que lle dan diversas persoas. Pero do que está seguro é do seu catolicismo exacerbado durante os tempos da II República. En fin, se en Otero non falou de etapas, e en Risco tratou de non facelo tampouco, Casares non pode esquecer as polémicas de vinte anos atrás, e afirma a idea que eu tamén fixen miña despois da correspondente investigación: “Non existe ruptura entre as distintas etapas, senón un cambio de conducta” (Casares 1981b: 69).

No referente ao traballo de Risco na revista *Nós*, defende que “Ningún outro colaborador o sobrepasou nin en volume nin en importancia e pódese dicir que a revista *Nós* está intimamente ligada á personalidade do seu fundador” (Casares 1981b: 79). Houbo etapas en que non a controlaba, e nótase bastante, engade.

Prolongación do seu pensamento filosófico é a súa obra literaria, que o pon á altura dos escritores casteláns do novecentismo: R. Pérez de Ayala, D’Ors, Madariaga, Azaña. Os valores literarios da narrativa risquiiana sálvana do perigo do moralismo.

Cando analiza as diferentes obras, e chega a *A coutada*, sorprende que, a pesar de que a relaciona co ensaio *O sentimento da terra na raza galega*, non a poña, como sinaléi máis arriba, en relación coa obra de Otero sobre a fidalguía e o abandono da súa misión histórica nas mans dos tendeiros. Afirma que a novela que mellor representa o pensamento de Risco é *O porco de pé* “resumindo quizais o máis esencial de canto escribiu ao longo de cincuenta anos” (Casares 1981b: 76). Lamenta que non se teña dedicado con máis tempo “e atención a un xénero literario para o cal estaba excepcionalmente ben dotado” (Casares 1981b: 77). Os valores da súa prosa son os mesmos ca os do seu pensamento: “claridade, ironía, agudeza e sobriedade expresiva”, logrando “un equilibrio admirable entre sensibilidade e intelixencia” (Casares 1981b: 77). Malia isto, considero que non lle presta a debida atención á obra literaria de Risco. Non, desde logo, a mesma que lle presta á oteriana.

Volvendo aos avatares durante a República, Casares vai anticipando as claves da que sería a súa postura en 1936: “... determinados feitos, en circunstan-

cias ambientais críticas, poden desencadear nel unha violencia interior capaz de reducir dunha maneira alarmante os resortes racionais da súa intelixencia” (Casares 1981b: 87). Refírese á viaxe a Alemaña e a Centroeuropa, e ás condicións en que volve e como se expresa en *Mitteleuropa*.

Na II República, Risco áchase permanentemente en conflito “co Partido e consigo mesmo” (Casares 1981b: 90). Dedicase a escribir contra os partidos políticos españois e contra as esquerdas. A principios de 1934, e aínda que Risco e as Mocidades Galeguistas non queren colaborar con forzas políticas españolas, como pide Suárez Picallo e o grupo de Pontevedra, o ourensán, que xa non é líder, termina facendo concesións. Casares sinala agora o mérito de Risco de antepoñer o colectivo ao persoal. Pero dura pouco esta actitude e Castelao acabará repudiándoo pola súa nova manía de excomungar a quen non pensa coma el. Porque el, engade o rianxeiro, seguirá a dar a vida e a alma pola Galiza “que seña, a que poidamos lograr”⁹.

Non vai á IV Asemblea, ao contrario que Otero Pedrayo, e por aqueles días publica un artigo sobre a síntese do nacionalismo e o catolicismo que cómpre lograr.

Risco non se suma á defección da Dereita Galeguista en Pontevedra. Pero pouco despois, co gallo da Asemblea extraordinaria e a incorporación á Fronte Popular, créase a Dereita Galeguista en Ourense con Risco á cabeza. Otero cumpre a súa promesa de 1934 e non marcha. Risco participa na campaña do Estatuto, da que malia todo non quere estar ausente. Fala na radio católica do Estatuto da Galicia: Casares reproduce a recensión do discurso en *La Región* e sostén que, para defender estas ideas, a Risco non lle importaría chegar a unha guerra. Así, máis adiante, afirma, “Atopará argumentos para xustificala”. Está aterrorizado: os demais van caendo, e el é obxecto de varias denuncias¹⁰.

9 En carta a Vicente Risco do 1-III-1935. Castelao (2000). *Obras*, tomo 6. Vigo: Galaxia, 245.

10 Non aparecerá o prego de descargos ata máis tarde. A revista *Espiral*, do Porto, vaino reproducir no número 17 de 1986 no artigo “Risco”, asinado pola redacción: 10-11.

Son motivacións que están detrás “da conducta que vai seguir nos próximos meses, quizáis no resto da súa vida” (Casares 1981b: 103).

Casares nesta parte reproduce importantes documentos: cartas conservadas, escritos do *Boletín Eclesiástico del Obispado de Orense*, como o discurso co gallo da reposición do crucifixo na Escola Normal, en agosto do 36. Escritos de *La Región e Misión* e do *Boletín*. E testemuños de Xaquín Lorenzo, Fernández del Riego e Otero Pedrayo. Con todo isto quere deixar claro que non houbo grandes cambios. Pero a dor de Casares, nada naquela investigación sobre o Risco da posguerra cando soubo que era considerado un traidor, continúa:

O que sorprende non é, xa que logo, o tono, nin sequera a belixerancia de Risco en contra da República e as esquerdas, coas que estaba enfrentado desde 1931 por culpa da “cuestión relixiosa”. O que chama a atención é que fale así sabendo que a inmensa maioría dos seus correligionarios políticos estaban sendo sancionados, perseguidos ou asasinados (Casares 1981b: 115).

Comenta Casares os poucos libros de que ten noticia, pois daquela era difícil atopalos. Dá conta da decisión de Risco de “probar fortuna” en Madrid de novo, onde gaña unha cátedra de “Paidoloxía e organización escolar”. Volve sen conseguir nada. Conta como en Galicia, un home de traxectoria política exemplar, como Paco del Riego, empéñase en recuperar intelctualmente a Risco: empeza cun artigo de 1948 en *La Noche* e acaba publicando en *Galaxia Leria* en 1961, “con gran disgusto de algúns suscritores da editorial” (Casares 1981b: 130). Detense no episodio novelesco do premio Juan March, finalmente concedido a Ramón Otero Pedrayo. Dálle o Centro Galego de Madrid o Premio Galicia a Risco, e Casares cita a interesante lista de asistentes, segundo noticia de *La Región*: Otero Pedrayo, Fernández del Riego, Paz-Andrade, Ferro Couselo, Xosé Ramón e Fernández-Oxea, Álvaro Cunqueiro, Xaquín Lorenzo, Celso Emilio e Leuter González Salgado. A única recompensa por parte do Réxime será a última hora a medalla de Afonso X, sufragada polo Centro Galego de Barcelona.

Uns anos despois, en 1984, cando se celebra o centenario do nacemento de Vicente Risco, Casares dedícalle en GRIAL un traballo que, dalgunha maneira,

vén completar o elaborado sobre o Otero Pedrayo e o Cenáculo de Ourense de 1976. Insiste Casares en iluminar a “etapa pregaleguista” do autor, sobre a que non existía máis información cá que quixo dar o propio Risco en “Nós, os inadaptados”. Para iso propón acudir a outros documentos e a outras colaboracións da prensa ourensá. A novidade é unha lectura máis detallada de *El Miño*, e un maior esforzo de contextualización do tratado nos artigos.

O remate da historia

Para o monográfico d’*A Nosa Terra* dedicado a Risco en 1993, Carlos Casares escribe “A tertulia de Vicente Risco”, onde acabará de contar o que non dixo en “O meu Castelao primeiro”. Por fin saberemos que os mozos que admiraron o álbum de Castelao na casa da rúa de San Domingos eran, ademais de Casares, Arturo Lezcano, Acisclo Manzano, Xaime Quesada e Xosé Luís de Dios. Retomando o relato dos seus anos mozos en Santiago, volve a aquela ocasión en que, despois de saír dunha reunión política, lle conta a Salvador García-Bodaño que vén de frecuentar o parladoiro de Risco en Ourense, e este dille que Risco é un traidor, así, sen carraxe, como algo normal e sabido. Daquela acode Casares a Ramón Piñeiro, que lle relata a traxectoria de Vicente Risco. Vénlle entón á memoria aquela vez que en Ourense lle pedira a Risco a *Teoría do nacionalismo galego* e este lle dera, nervioso, unha negativa que asemade era tamén unha especie de arrepentimento. Risco está xa moi enfermo, non pode falar con el, e é ese enigma o que impulsa a Casares a procurar os feitos en arquivos e hemerotecas:

Foi así como naceu a biografía que lle dediquei bastantes anos despois, non sen vencer antes algúns escrúpulos, desconcertado pola significación política de algúns textos publicados na prensa ourensá nos anos cuarenta.
(Casares 1993: 5)

A historia que conta Casares ten, ademais, epílogo. Non me refiro agora á organización dun Congreso Vicente Risco en 1994, caracterizado pola pluralidade case exhaustiva e polo afloramento das tensións ideolóxicas e emocio-

nais; nin ao labor de publicación da obra case completa de Risco en Galaxia. O epílogo está na novela de 1996 *Deus sentado nun sillón azul*, onde esconxura literariamente os terribles artigos de Risco durante a guerra e primeira posguerra. En 1997, nunha entrevista para as páxinas culturais da revista *Eco*¹¹, Casares aclárame o que a crítica di aqueles días e el quere rebater. Sirvan as súas interesantes palabras como peche do presente traballo:

Aínda que este señor se parece, non é Risco. Se eu tivese querido facer unha novela con Risco como personaxe, non sería como este. Risco era bondadoso, tiña un sentido moral evidente. Esta é a novela dun personaxe intelixente, pero sen humanidade. Isto é o que os diferencia claramente.

Que é o que leva a xente a dicir que o personaxe é Risco? Que se parece fisicamente e parécese na maneira de pensar sobre algunhas cousas [...]. Incluso algunha xente di que algúns artigos que aparecen na novela son de Risco. Eu a iso podo contestar: e outros escribinos eu previamente. Están publicados co meu nome en *La Voz de Galicia*. Un personaxe literario sempre se fai con material moi diverso e era inevitable que eu pensara en Risco á hora de facer o meu personaxe. Pero de aí a dicir que o personaxe é Risco, hai un treito importante. (Casares 1997)

11 A entrevista apareceu no número 69 de febreiro de 1997.

Bibliografía

FONTES PRIMARIAS:

- CASARES, CARLOS (1974-2000). “Nós, Xeración. Revista”. *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo XXII: 219-221.
- (1975). “O meu Castelao primeiro”. *Grial* 47. Xaneiro-marzo: 96-98.
- (1976). “Otero Pedrayo e o cenáculo ourensán”. *Grial* 52: 184-191.
- (1980). *A literatura galega moderna*. Vigo: Caja de Ahorros Municipal.
- (1981A). *Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Galaxia.
- (1981B). *Vicente Risco*. Vigo: Galaxia (reedición con algunha corrección, 1997. *Para leer a Vicente Risco*. Vigo: Galaxia).
- (1984). “O Risco anterior ao galeguismo”. *Grial* 86: 412-427.
- (1988). *Ramón Otero Pedrayo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (1993). “A tertulia de Vicente Risco”. *A Nosa Terra. A Nosa Cultura* 14: 5-8 (reproducida, con algunha corrección, en 1998, *Un país de palabras*, Vigo: Galaxia: 97-108).
- (COORD.) (1995). *Congreso Vicente Risco. Actas do Congreso celebrado en Ourense os días 18, 19, 20 e 21 de outubro de 1995*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (1997). “Gravación da entrevista a Carlos Casares para a revista *Eco*”. Arquivo de Olivia Rodríguez González.
- (1998A). “O desastre de 1898 e os escritores galegos”. *Grial* 137: 5-23.
- (1998B). “Escritores no inferno e no purgatorio”. *Un país de palabras*. Vigo: Galaxia: 87-96.
- (2001). “Un intelectual conservador”, en “25 anos da morte. Ramón Otero Pedrayo. Arredor de si”. *La Voz de Galicia* (1-II-2001): 24.

FONTES SECUNDARIAS:

- CARBALLO CALERO, RICARDO (1934). “A xeneración de Risco”. *Nós* 131-132: 182-184.
- (1963). “O grupo Nós”. *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- DÓNEGA, MARINO (1981). “Limiar. Carta a Carlos Casares”. Carlos Casares, *Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Galaxia: 11-20.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO (1951). *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia.
- (“SALVADOR LORENZANA”) (1965). “A Xeneración Nós na cultura galega”. *Grial* 7: 75-85.
- GÓMEZ SÁNCHEZ, ANXO/QUEIXAS ZAS, MERCEDES
- (2001). *Historia xeral da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra.
- PIÑEIRO, RAMÓN (1978). “Importancia decisiva da Xeneración Nós”. *Grial* 59: 8-13.
- TARRÍO, ANXO (1989). “Otero Pedrayo e a renovación da novela no século XX”. *Revista de Filoloxía Románica* 6: 119-136.
- (1994). *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*. Vigo: Xerais.
- (COORD.) (2000). *O século XX. A literatura anterior á guerra civil. Galicia. literatura. Proxecto Hércules*. Vol. XXXII. A Coruña: Hércules.
- VILAVEDRA FERNÁNDEZ, DOLORES (1999). *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia.